

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO NESTE ILMO. CONCELLO DE PONTEDEUME.

1ª OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A urxente cobertura temporal, suxeita a réxime laboral-temporal cunha dedicación a tempo completo dun/ha Orientador/a Laboral, pertencente ao grupo A2, consonte ás equivalencias establecidas na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, condicionado á concesión da subvención solicitada para tal fin, a Consellería de Traballo, Dirección Xeral de Formación e Colocación, supeditada a contratación á ratificación por dita Consellería, do candidato seleccionado.

A duración do contrato sera dende a sinatura do mesmo ata ó día 31 de xaneiro do ano 2011, e o salario a percibir será o indicado no anexo da resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación, na que se concede a este Concello unha subvención para a realización de actividades de Información, Orientación e Busca de Emprego. (2.393,18.-€/mensuais, cantidade está na que esta incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias incluída a aportación a seguridade social a cargo da empresa).

2ª SISTEMA E FORMA DA CONTRATACIÓN:

Mediante Concurso

3ª REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Deberán reunir as seguintes:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe –sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.

d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autonomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Estar en posesión dunha titulación universitaria media ou superior que o habilite para o posto.

4ª RÉXIME XURÍDICO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

Para tódolos actos previstos no perfeccionamento do contrato, rexerán as normas referentes sobre contratación administrativa na Administración Local.

O Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: Un funcionario da Corporación con titulación igual ou superior a da praza convocada.

Secretaria: A da Corporación, ou funcionario en quen delegue.

Vocais: Un Funcionario coa titulación igual ou superior ó do posto convocado, Un técnico da Consellería de Traballo e Benestar ou doutra administración da Xunta de Galicia.

O tribunal podera solicitar a asistencia de asesores (con voz e sin voto), para a realización do proceso de selección.

Facúltase ó Tribunal para toma-los acordos que considere oportunos na interpretación destas bases e resolver cantos problemas xurdan ata a proposta de aspirantes seleccionados.

5ª FUNCIONS A DESEMPEÑAR POLO CANDIDATO SELECCIONADO:

A persoa seleccionada e para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego e no caso de non ser concedido o “Técnico de Información” para o servizo, a persoa seleccionada, realizará tamén as tarefas de dito posto de maneira proporcional para o Servizo Galego de Colocación.

6ª PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E BASES DA CONVOCATORIA:

A información e bases desta convocatoria publicaranse:

Na paxina WEB deste Concello de Pontedeume (www.pontedeume.es).

No taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeume e no da Área de Formación, Emprego e Desenvolvemento (FOREMDES) do antedito Concello.

e tamén no diario “La Voz de Galicia”

7ª LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume no prazo de DEZ DIAS NATURAIS contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nun xornal dos de máxima difusión da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en instancia dirixida o Sr. Alcalde ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre e cando teña entrada no concello antes do día da resolución do Concurso de Méritos. As mesmas, deberán vir acompañadas da seguinte documentación:

- Instancia de solicitude da praza (ANEXO I) na que se inclúe declaración xurada de que as fotocopias presentadas concorden fidedignamente cós orixinais que esten en poder do aspirante.

- Fotocopias acreditativas da titulación académica.

- Fotocopias acreditativas da experiencia profesional (contratos de traballo e/ou recibos de salarios e/ou licencia fiscal, acompañada do último recibo ou certificación de vida laboral actualizada, expedida pola Seguridade Social, sempre e cando poida xustificarse a categoría profesional realizada e/ou calquera documento, que a xuízo do Tribunal, a acredite de forma veraz).

- Fotocopias dos diplomas dos cursos realizados.

8ª. PROCESO DE SELECCIÓN:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:

- Titulación media ou superior.

- Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos.

FASE: CONCURSO DE MÉRITOS.

Titulación académica (máximo 2,5 puntos).	Puntuación.
Titulaciones preferentes:	
-Psicología.	2,5 puntos.
-Pedagogía.	2,5 puntos.
-Psicopedagogía.	2,5 puntos.
-Sociología.	2,5 puntos.
-Educación social.	2,0 puntos.
-Trabajo social.	2,0 puntos.
-Diplomatura de Relacións Laborais ou Graduado/a Social.	2,0 puntos.
Outra titulación media.	1,0 puntos.
Outra titulación superior.	1,5 puntos.
Formación complementaria (máximo 2 puntos).	Puntuación.
Másters, cursos en materias relacionadas coa ocupación.	0,1 puntos por cada 30 horas formativas.
Experiencia profesional (máximo 5 puntos).	Puntuación.
A experiencia profesional deberase acreditar a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberanse acreditar mediante certificación de organismos oficiais.	
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,4 puntos por cada mes.
Por cada mes realizando tarefas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos neste epígrafe.)	0,1 puntos po cada mes.
Outros méritos (máximo 0,5 puntos).	Puntuación.
Celga 3 ou equivalente.	0,15 puntos.
Celga 4 ou equivalente.	0,25 puntos.
Coñecementos de informática. A razón de 0.025 puntos por cada curso de duración superior a 10 horas.	0,25 puntos.

*(No caso de que o candidato/a posúa os títulos Celga 3 e Celga 4, só se valorará o

Celga 4).

No caso de empate na puntuación final darase preferencia ó candidato que posúa unha maior experiencia en tarefas directamente relacionadas co posto. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente do Tribunal.

Os puntos obtidos polos candidatos na Fase faranse públicos nos taboleiros de anuncios anteditos.

PRAZO DE RECLAMACIÓN.

Será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación

9. RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL E PUNTUACIÓNS FINAIS:

A decisión provisional do Tribunal se propondrá ó Sr. Alcalde e será dada a coñecer, mediante exposición pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Pontedeume e do FOREMDES das puntuacións obtidas por tódolos aspirantes, e ó candidato seleccionado se lle comunicará oficialmente dispoñendo dun prazo de 24 horas para acepta-la praza, no caso de producirse unha renuncia pasarase o suplente correspondente.

Deberá esperarse para a proclamación definitiva de candidato/a ao visto e prace da Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería deTraballo e Benestar, sendo este vinculante.

Pontedeume, 6 de mayo de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. Gabriel Torrente Piñeiro.

ANEXO I

D. _____ con DNI _____
e enderezo _____ na localidade _____
Provincia _____ cón número de teléfono _____ maior
de idade.

EXPON.-

Que está interesado en participar como candidato no proceso de selección de un traballador/a para a realización de actividades de Información, Orientación e busca de emprego no Concello de Pontedeume

Que declaro baixo xuramento cás fotocopias que adxunto á presente concordan fidedignamente cos orixinais que obran no meu poder e que me comprometo a presentar no caso de sair seleccionado.

Por todo elo **SOLICITA:**

Que sexa admitida a trámite a miña solicitude de participar no antedito proceso de selección.

Pontedeume, _____ de _____ 2010

Asdo. _____

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE
DO
ILMO. CONCELLO DE PONTEDEUME.**